

7. Levará un rexistro do peso e a distribución da carga embarcada ou desembarcada e garantirá que os distintos pesos das bodegas non se aparten do plan de carga ou descarga acordado.

8. Garantirá que, durante a carga e a descarga, a carga do buque estea nivelada de acordo coas esixencias do capitán.

9. Asegurarase de que, ó calcula-las cantidades de carga necesarias para obte-lo calado e a nivelación de saída, se teña en conta a carga que queda nos sistemas transportadores da terminal e que se baleire tralas operacións de carga. Para este fin, o representante da terminal comunicarlle ó capitán a tonelaxe nominal do seu sistema transportador e determinará se é necesario baleiralalo tralas operacións de carga.

10. En caso de descarga, avisará o capitán detalladamente cando se teña intención de aumentar ou reduci-lo número de cabezais de carga utilizados e notificaralle ó capitán o momento en que se considere terminada a operación de desembarque de cada bodega.

11. Non levará a cabo traballos en quente a bordo nin nas proximidades do buque mentres este se atope no posto de atracada, salvo se conta co permiso do capitán e conforme as disposicións da autoridade competente.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15799 *REAL DECRETO 996/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta.* («BOE» 188, do 7-8-2003.)

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, modificado polo Real decreto 1949/2000, do 1 de decembro, e polo Real decreto 1162/2001, do 26 de outubro, operaron unha profunda reforma no sistema de recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así coma no funcionamento dos servicios colexiais de avogados e procuradores encargados da súa prestación.

A Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, incorporou importantes novidades co fin de conseguila celeridade na resposta ante a delincuencia, coa creación dun proceso especial para o axuízamento rápido de determinados delitos que permita o seu axuízamento inmediato.

A máis importante aceleración destes procesos é a que se deberá dar no tempo que transcorre desde a incoación do proceso penal ata a realización do xuízo oral, sendo, polo tanto, peza clave do novo procedemento a instrucción concentrada ante o xulgado de garda e durante o tempo que dure o servicio de garda do citado órgano xudicial, prorrogable naqueles partidos xudiciais en que o dito servicio non teña carácter permanente.

A carón desta instrucción concentrada e co fin de alcanza-lo seu obxectivo, a norma prevé, así mesmo, que o xuízo oral, a emisión da sentenza, así como a tramitación dos eventuais recursos que se poidan interpor, se realicen con rapidez, polo que establece para iso prazos reducidos.

Esta axilización e concentración de actuacións ante o xulgado de garda fai preciso asegura-la presenza naquelas de forma inmediata de avogados que aseguren o dereito de asistencia letrada e de defensa e repre-

sentación das partes, e prevese, no ámbito da xustiza gratuíta e neste tipo de procedementos, que sexa un único letrado o que preste a asistencia, desde a detención, se a houber, ata a finalización do proceso, así como que as solicitudes de recoñecemento do dereito gocen de prioridade na súa tramitación.

Esta reforma parcial da Lei de axuízamento criminal ten unha repercusión directa no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, polo que é necesario aborda-la súa modificación, mediante a incorporación das previsións necesarias ás que se debe axusta-lo procedemento para a tramitación de solicitudes correspondentes a procesos de axuízamento rápido.

Modifícase, pois, a estrutura do vixente Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, dividindo o capítulo II, «Procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta», en dúas seccións: unha sección 1.^a, de «Procedemento xeral», e unha sección 2.^a, de «Procedemento especial para os procesos de axuízamento rápido de determinados delitos». Así mesmo, co fin de clarifica-los conceptos «asistencia letrada de oficio» e «asistencia e representación gratuítas», o capítulo III pasa a denominarse «Organización dos servicios de asistencia letrada, defensa e representación», que se divide así mesmo en dúas seccións, sección 1.^a, «Asistencia letrada de oficio», e sección 2.^a, «Asistencia xurídica gratuíta».

Polo que se refire á composición das comisións de asistencia xurídica gratuíta, procédese á súa adaptación á recente modificación efectuada pola Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, que modifica a regulación que nesta materia se contiña na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Por último, as novas previsións que se establecen determinan a modificación do modelo normalizado de solicitude que figuraba como anexo I do citado regulamento e os módulos e as bases de compensación económica establecidos no anexo II.

Por razóns de técnica lexislativa e para evita-la dispersión normativa, optouse por elaborar un novo texto que derroga o anterior e ó que se incorporan, ademais das mencionadas modificacións, aquelas que se viñeron producindo desde a entrada en vigor do Real decreto 2103/1996, operadas polo Real decreto 1949/2000, do 1 de decembro, e polo Real decreto 1162/2001, do 26 de outubro, texto no que se regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta pola Administración xeral do Estado, de conformidade co disposto pola Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e que se aplicará ó recoñecemento do dereito en relación con todo tipo de procesos ante órganos xurisdiccionais españois con sede no territorio de comunidades autónomas que non recibisen os traspasos en materia de provisión de medios ó servicio da Administración de xustiza, ou que estendan a súa competencia a todo o territorio nacional, coas excepcións que naquel se establecen.

Este real decreto dítase ó abeiro da habilitación conferida ó Goberno pola disposición derradeira primeira da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta. Foi sometido a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de xustiza e dos consellos xerais da avogacía española e dos colexios de procuradores dos tribunais de España.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación de regulamento.*

Apróbase o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, o texto do cal se insire a continuación deste real decreto.

Disposición adicional única. *Asistencia xurídica gratuíta nos procedementos administrativos de estranxeiría e asilo.*

Este real decreto será aplicable ó dereito á asistencia xurídica gratuíta nos procedementos administrativos de estranxeiría e asilo, sen prexuízo do que dispoña a súa normativa específica.

Disposición transitoria única. *Devengo de retribucións.*

As retribucións derivadas de intervencións en procesos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto realizaranse conforme os módulos e as bases económicas establecidos polo Real decreto 1949/2000, do 1 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, excepto na orde penal para aqueles procesos a que se refire a Lei 38/2002, do 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de axuízamento criminal, iniciados con posterioridade á entrada en vigor da dita norma, que se retribuirán conforme os módulos establecidos neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 2103/1996, do 20 de setembro, así como as modificacións introducidas nel polo Real decreto 1949/2000, do 1 de decembro, e polo Real decreto 1162/2001, do 26 de outubro, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Xustiza para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Efectos económicos.*

Os módulos e as bases de compensación económicos establecidos no anexo II do regulamento que se aproba por este real decreto serán de aplicación para a retribución de avogados e procuradores pola súa asistencia a beneficiarios de asistencia xurídica gratuíta nos procesos que se inicien a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca, o 25 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

REGULAMENTO DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta pola Administración xeral do Estado, de conformidade co disposto pola Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

2. Este regulamento será de aplicación ó recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta en relación con todo tipo de procesos ante órganos xurisdiccionais españois con sede no territorio de comunidades autónomas que non recibisen os traspasos en materia de provisión de medios ó servizo da Administración de xustiza ou que estendan a súa competencia a todo o territorio nacional.

3. Exceptúanse do disposto nos puntos anteriores os artigos 16; 20; números 1, 3 e 4 do artigo 27; 33; 34, e 35 deste regulamento, que, de conformidade co previsto na disposición adicional primeira da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, serán de aplicación xeral en todo o territorio nacional.

TÍTULO I

Órganos competentes e procedementos

CAPÍTULO I

Normas de organización e funcionamento das comisións de asistencia xurídica gratuíta

Artigo 2. *Ámbito territorial das comisións de asistencia xurídica gratuíta.*

1. Constituirase unha Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta na cidade de Madrid para o recoñecemento deste dereito en relación cos procesos seguidos ante órganos xurisdiccionais que estendan a súa competencia a todo o territorio nacional, así como unha en cada capital de provincia do ámbito competencial do Ministerio de Xustiza, nas cidades de Ceuta e Melilla e nas illas de Menorca e Ibiza, ás que lles corresponderán as funcións e competencias destas comisións previstas na Lei de asistencia xurídica gratuíta e neste regulamento, no seu respectivo ámbito territorial.

2. Mediante real decreto, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, poderase acordar a creación de delegacións das comisións de asistencia xurídica gratuíta naqueles casos en que o volume de asuntos que se vaian tratar, as circunstancias xeográficas ou outras causas xustificadas o aconsellen.

Cando se trate de delegacións de comisións na composición das cales se integren funcionarios de delegacións ou subdelegacións do Goberno, conforme o establecido no artigo 3.2.b), a súa creación levarase a cabo por proposta conxunta do ministro de Xustiza e do ministro de Administracións Públicas.

3. O real decreto de creación das delegacións determinará o seu ámbito territorial e fixará a súa composición, na que estarán representadas as mesmas institucións que integran con carácter xeral as comisións de asistencia xurídica gratuíta.

4. As delegacións, que terán as mesmas funcións cás comisións de asistencia xurídica gratuíta, estarán suxeitas ás directrices de actuación e ós criterios xerais que, para recoñecerlo dereito á asistencia xurídica gratuíta, adopten as comisións provinciais, e seranlles de aplicación as regras de funcionamento que se prevén neste regulamento.

Artigo 3. *Composición e designación de membros.*

1. A Comisión Central de Asistencia Xurídica Gratuíta estará presidida por un membro do Ministerio Fiscal, designado polo fiscal xeral do Estado, e composta polos decanos do Colexio de Avogados e do Colexio de Procuradores de Madrid ou polo avogado e procurador que eles designen; por un avogado do Estado e por un funcionario do Ministerio de Xustiza, pertencente a un corpo ou escala do grupo A, que, ademais, actuará como secretario.

2. As restantes comisións de asistencia xurídica gratuíta estarán presididas por un membro do Ministerio Fiscal, que será designado polo fiscal xefe da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza ou, se é o caso, da Audiencia Provincial. Así mesmo, formarán parte das comisións os seguintes vocais:

a) Un avogado do Estado, designado polo avogado xeral do Estado-director do Servicio Xurídico do Estado.

b) Un funcionario que ocupe un posto de traballo que lle corresponda desempeñar a funcionarios pertencentes a corpos ou escalas do grupo A, que exercerá as funcións de secretario da comisión e que será designado conforme as seguintes regras:

1.^a Para as comisións daquelas provincias nas que exista xerencia territorial do Ministerio de Xustiza, o funcionario será designado polo subsecretario de Xustiza, de entre os destinados na dita xerencia.

2.^a Para as comisións daquelas provincias nas que non exista xerencia territorial do Ministerio de Xustiza, o funcionario será designado polo delegado ou subdelegado de Goberno, se é o caso, de entre os destinados na delegación ou subdelegación de Goberno respectiva.

3.^a Para as comisións das illas nas que non radica a capital de provincia, o funcionario será designado polo director insular da Administración xeral do Estado, de entre os destinados na respectiva dirección insular.

c) O decano do colexio de avogados da provincia ou o avogado que aquel designe.

d) O decano do colexio de procuradores da provincia ou o procurador que aquel designe.

Nas provincias onde exista máis dun colexio de avogados ou de procuradores, o seu representante será designado de común acordo polos decanos destes.

3. Co obxecto de garanti-la continuidade dos traballos e o bo funcionamento das comisións, as institucións encargadas da designación nomearán, ademais, un suplente por cada membro da comisión, incluído o presidente. Os membros titulares e suplentes poderán actuar indistintamente.

4. Os membros das comisións de asistencia xurídica gratuíta terán dereito a unha indemnización en concepto de asistencia ás reunións que celebren, nos termos, condicións e polo importe que estableza o Ministerio de Facenda, por proposta do Ministerio de Xustiza, de conformidade co establecido nos artigos 27 e 28 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 4. *Dependencia orgánica, soporte administrativo e sede.*

1. As comisións de asistencia xurídica gratuíta quedarán adscritas orgánicamente ás xerencias territoriais do Ministerio de Xustiza ou, onde non existan, ás delegacións ou subdelegacións do Goberno. Estes órganos prestarán o soporte administrativo e o apoio técnico necesarios para o seu funcionamento.

2. As comisións de asistencia xurídica gratuíta terán a súa sede nas dependencias que os órganos mencionados no punto anterior poñan á súa disposición ou, se é o caso, nas de órganos xudiciais radicados no seu ámbito territorial.

Artigo 5. *Información sobre os servizos de xustiza gratuíta.*

1. As comisións de asistencia xurídica gratuíta disporán das listas de colexiados exercentes adscritos ós servizos de xustiza gratuíta, con indicación do seu domicilio profesional e, se é o caso, de especializacións por ordes xurisdiccionais ou nas diversas ramas xurídicas. Nas sedes das comisións expóranse as normas de funcionamento, a sede e maillos horarios de atención ó público dos servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados.

2. A información á que se refire o punto anterior estará á disposición de toda persoa interesada en acceder ós servizos de xustiza gratuíta, e será semestralmente actualizada polos respectivos colexios.

Artigo 6. *Normas de funcionamento.*

1. O funcionamento das comisións de asistencia xurídica gratuíta axustarase ó establecido na Lei de asistencia xurídica gratuíta e, con carácter xeral, rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para os órganos colexiados.

2. As comisións de asistencia xurídica gratuíta reuniranse, con carácter ordinario, unha vez cada 15 días, sen prexuízo de que o presidente da comisión acorde varia-la dita periodicidade, atendendo ó volume dos asuntos que se vaian tratar.

Artigo 7. *Funcións.*

Son funcións das comisións, nos termos previstos na Lei de asistencia xurídica gratuíta, as seguintes:

a) Recoñecer, denegar ou revogar, se é o caso, o dereito á asistencia xurídica gratuíta, mediante confirmación ou modificación, se é o caso, das decisións previamente adoptadas polos colexios profesionais.

b) Efectua-las comprobacións e recolle-la información que ó longo da tramitación das solicitudes de asistencia xurídica gratuíta se consideren necesarias, e requirir da Administración correspondente a confirmación da exactitude dos datos alegados polos solicitantes, para o cal se poderán utilizar, para tal efecto, os procedementos telemáticos de transmisión de datos, sempre que o interesado así o autorice.

c) Adoptar, logo de consulta ós respectivos colexios profesionais, aquelas medidas que permitan coñecer, coa periodicidade que se considere conveniente, a situación dos expedientes.

d) Recibir e trasladar ó xulgado ou tribunal correspondente o escrito de impugnación das resolucións que, de modo definitivo, recoñezan ou deneguen o dereito.

e) Tramita-las comunicacións relativas á insustentabilidade da pretensión presentadas polos avogados.

f) Supervisa-las actuacións dos servizos de orientación xurídica previstos no artigo 32, e actuar como órganos de comunicación cos colexios profesionais, para efectos de canaliza-las queixas ou denuncias formuladas como consecuencia das actuacións relacionadas cos servizos de asistencia xurídica gratuíta, naqueles casos en que tales iniciativas non se formulasen directamente ante os colexios.

g) Calquera outra competencia que lle atribúa a normativa reguladora da asistencia xurídica gratuíta.

CAPÍTULO II

Procedementos para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuítaSECCIÓN 1.^a PROCEDEMENTO XERAL**Artigo 8. *Iniciación.***

O procedemento para recoñecer-lo dereito á asistencia xurídica gratuíta iníciase por instancia de parte, mediante a presentación do modelo normalizado incluído no anexo I.I, debidamente asinado polo peticionario, e xuntaráselle á solicitude a documentación que se sinala no dito anexo.

Os impresos facilitaranse nas dependencias xudiciais, nos servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados e nas sedes das comisións de asistencia xurídica gratuíta.

Os colexios de avogados adoptarán as medidas necesarias para que os profesionais lles faciliten os impresos ós interesados e lles pidan a estes que os cubran.

Artigo 9. *Presentación da solicitude.*

1. As solicitudes de asistencia xurídica gratuíta presentaranse ante os servizos de orientación xurídica do colexio de avogados do lugar en que se ache o xulgado ou tribunal que deba coñecer do proceso principal, ou ante o xulgado do domicilio do solicitante de o proceso non estar iniciado.

Neste último caso, o órgano xudicial dará traslado inmediato da petición ó colexio de avogados territorialmente competente.

2. Cando o interesado fundamente a súa pretensión nas circunstancias excepcionais previstas no artigo 5 da Lei de asistencia xurídica gratuíta para obter-lo recoñecemento do dereito, a solicitude presentárase directamente ante a comisión de asistencia xurídica gratuíta, que resolverá determinando cales dos beneficios do artigo 6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, e con que alcance, lle son de aplicación ó solicitante.

3. Na orde penal e no suposto de o xulgado ou tribunal ter acordado calquera das medidas privativas de liberdade ou restrictivas de dereitos nos casos en que procedan conforme a lei, de forma que non sexa posible presenta-la documentación esixida e nos prazos establecidos, o letrado designado remitiralle directamente á comisión de asistencia xurídica gratuíta a solicitude debidamente asinada polo interesado, na que constará, de modo expreso, a identidade do solicitante e do asunto ou procedemento de que se trate e á que se unirá unha dilixencia acreditativa da situación.

Artigo 10. *Emenda de deficiencias.*

Os servizos de orientación xurídica dos colexios de avogados examinarán a documentación presentada e, de apreciaren que é insuficiente ou que na solicitude existen deficiencias, concederánlle ó interesado un prazo de 10 días hábiles para a emenda dos defectos advertidos.

Transcorrido este prazo sen que se produza a emenda, o colexio de avogados arquivará a petición, e notificarallo no prazo de tres días á comisión de asistencia xurídica gratuíta correspondente.

Artigo 11. *Designacións provisionais.*

1. Analizada a solicitude e emendados, se é o caso, os defectos advertidos, se o colexio de avogados considera que o peticionario cumpre os requisitos legalmen-

te establecidos para obter-lo dereito á asistencia xurídica gratuíta, procederá no prazo máximo de 15 días, contados a partir da recepción da solicitude ou desde a emenda dos defectos, á designación provisional de avogado e comunicarllo no mesmo momento ó colexio de procuradores para que, dentro dos tres días seguintes, se designe procurador se a súa intervención é preceptiva.

Neste último caso, o colexio de procuradores comunicarlle inmediatamente ó de avogados a designación efectuada.

2. Realizada a designación provisional de avogado e, se é o caso, comunicada a do procurador, o colexio de avogados terá un prazo de tres días para lle trasladar á comisión de asistencia xurídica gratuíta correspondente o expediente completo, así como as designacións efectuadas, para os efectos da verificación e resolución definitiva da solicitude.

Artigo 12. *Ausencia de designacións provisionais.*

No caso de que o colexio de avogados considere que o peticionario non cumpre os requisitos referidos no punto 1 do artigo anterior, ou que a pretensión principal contida na solicitude é manifestamente insustentable ou carente de fundamento, comunicarlle ó solicitante nun prazo de cinco días que non efectuou o nomeamento provisional de avogado e, ó mesmo tempo, trasladarlle a solicitude á comisión de asistencia xurídica gratuíta para que esta resolva definitivamente.

Artigo 13. *Designación provisional por requirimento xudicial.*

1. O órgano xudicial que estea coñecendo dun proceso poderá dictar resolución motivada, e requirirá dos colexios profesionais o nomeamento provisional de avogado e, se é o caso, de procurador se considera preciso asegurar de forma inmediata os dereitos de defensa e representación das partes e algunha delas manifestase carecer de recursos económicos.

2. Coa dita resolución achegarase a solicitude do beneficio de xustiza gratuíta do interesado, debidamente asinada, solicitude que previamente lle terá sido facilitada polo propio órgano xudicial.

O nomeamento provisional de avogado e procurador por requirimento xudicial non obstará para que o posible interesado deba facilita-la correspondente documentación para a obtención do beneficio de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 14. *Reiteración da solicitude.*

1. Cando o colexio de avogados, no prazo de 15 días contados desde a recepción da solicitude ou, se é o caso, desde a emenda dos defectos advertidos, non realizase ningunha das actuacións previstas nos artigos 11 e 12, o solicitante poderá reitera-la súa solicitude ante a comisión de asistencia xurídica gratuíta correspondente.

2. Reiterada a solicitude, a comisión solicitará do colexio a inmediata remisión do expediente xunto cun informe sobre a petición, e ordenará ó mesmo tempo a designación provisional de avogado e, de ser preceptivo, de procurador.

Artigo 15. *Instrucción do procedemento.*

1. Recibido o expediente en calquera dos supostos recollidos nos artigos 11, 12, 13 e 14, a comisión de asistencia xurídica gratuíta disporá dun prazo de 30 días para efectua-las comprobacións e solicita-la información

que considere necesaria para verifica-la exactitude e ma-la realidade dos datos declarados polo solicitante.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, a comisión poderalle reclamar á Administración correspondente a confirmación dos datos que consten na documentación presentada coa solicitude, sempre que o considere indispensable para dictar resolución, especialmente os de natureza tributaria.

Esta información, sempre que o interesado así o autorice, poderá ser obtida pola comisión mediante os procedementos de transmisión de datos a que se refire o Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega de certificacións polos cidadáns.

3. Así mesmo, dentro do prazo establecido no punto 1 deste artigo, a comisión de asistencia xurídica gratuíta poderá oí-la parte ou partes contrarias no preito ou contra as que se pretenda exercer-la acción, cando sexan coñecidas e se considere que poden achegar datos para coñecer-la situación económica real do solicitante.

No caso de non comparecer estas no prazo de 10 días desde que foron citadas, continuará a tramitación da solicitude, sen prexuízo do seu dereito a constituírse como parte no procedemento en calquera momento anterior á súa resolución definitiva e á súa posterior impugnación.

4. A fase de instrución do procedemento para recoñecer-lo dereito á asistencia xurídica gratuíta rexerese en todo caso polos principios de celeridade e sumariedade.

Artigo 16. *Resolución: contido e efectos.*

1. Realizadas as comprobacións pertinentes, a comisión dictará a resolución que recoñeza ou denegue o dereito á asistencia xurídica gratuíta no prazo máximo de 30 días, contados desde a recepción do expediente completo.

No caso de dictar resolución estimatoria, a comisión determinará, cando sexa necesario conforme o establecido na Lei de asistencia xurídica gratuíta, cáles das prestacións que integran o dereito lle son de aplicación ó solicitante.

Así mesmo, para os efectos previstos polo artigo 6.10 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, cando o solicitante a quen se lle recoñeza o dereito acredite ingresos por debaixo do salario mínimo interprofesional, farase mención expresa desta circunstancia na resolución.

2. A resolución estimatoria do dereito implicará a confirmación das designacións de avogado e, se é o caso, de procurador, efectuadas provisionalmente polos colexios profesionais.

No suposto de as ditas designacións non se teren producido, a comisión de asistencia xurídica gratuíta requirirá inmediatamente dos colexios o nomeamento dos profesionais que defendan e, se é o caso, representen o titular do dereito.

3. A resolución desestimatoria implicará que as eventuais designacións de oficio realizadas previamente queden sen efecto e, por tanto, o solicitante deberá designar avogado e procurador de libre elección. En tales casos, o petionario deberá aboa-los honorarios e dereitos económicos ocasionados polos servizos efectivamente prestados polos profesionais designados de oficio con carácter provisional, pero o avogado non lle poderá reclamar ó procurador o pagamento dos seus honorarios.

Artigo 17. *Notificación da resolución.*

1. A resolución da comisión de asistencia xurídica gratuíta notificaráselles no prazo común de tres días ó

solicitante, ó colexio de avogados e, se é o caso, ó colexio de procuradores, así como ás partes interesadas, e comunicaráselle ó xulgado ou tribunal que estea coñecendo do proceso, ou ó xuíz decano da localidade se aquel non se iniciou.

2. As notificacións e comunicacións realizaranas os secretarios das comisións de asistencia xurídica gratuíta, a través dos órganos mencionados no artigo 4.1.

Artigo 18. *Silencio administrativo.*

1. Transcorrido o prazo de 30 días establecido no artigo 16 sen que a comisión de asistencia xurídica gratuíta dictase resolución expresa, quedarán ratificadas as decisións previas adoptadas polo colexio de avogados, sen prexuízo da obriga de dictar resolución expresa a que se refire o artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. De os colexios non teren adoptado ningunha decisión no suposto a que se refire o artigo 14.2, a falta de resolución expresa da comisión de asistencia xurídica gratuíta dará lugar a que a solicitude se considere estimada, polo que, por petición do interesado, o xuíz ou tribunal que coñeza do proceso, ou o xuíz decano competente se a solicitude se realizou antes da iniciación daquel, procederá a requirir dos colexios profesionais a designación de avogado e, se é o caso, de procurador e a declara-lo dereito na súa integridade.

3. Cando o interesado fundase a súa pretensión nas circunstancias excepcionais previstas no artigo 5 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, a falta de resolución expresa da comisión de asistencia xurídica gratuíta dará lugar a que a solicitude se entenda estimada e, por tanto, recoñecido o dereito.

4. A estimación ou desestimación presunta da solicitude poderanse facer valer de conformidade co establecido no artigo 43.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 19. *Impugnación da resolución.*

As resolucións que recoñezan ou deneguen o dereito á asistencia xurídica gratuíta poderán ser impugnadas polos que sexan titulares dun dereito ou interese lexítimo, segundo o procedemento establecido no artigo 20 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 20. *Revogación do dereito.*

1. A declaración errónea, o falseamento ou a ocultación de datos polos solicitantes de asistencia xurídica gratuíta que fosen determinantes para o recoñecemento do dereito darán lugar, en todo caso, á súa revogación, que comportará a obriga de pagar tódolos honorarios de avogado e procurador devengados desde a concesión do dereito, así como de reembolsa-la cantidade equivalente ó custo das demais prestacións obtidas.

2. A Administración poderá esixi-lo devandito reembolso mediante o procedemento de constrinximento previsto no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, todo iso sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que correspondan.

3. A revogación do dereito será acordada pola comisión de asistencia xurídica gratuíta competente, de conformidade co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SECCIÓN 2.^a PROCEDEMENTO NOS PROCESOS ESPECIAIS
PARA O AXUIZAMENTO RÁPIDO DE DELICTOS

Artigo 21. *Iniciación e presentación da solicitude.*

1. Cando se trate da prestación do servizo de asistencia letrada ó detido, preso ou denunciado no procedemento especial, para o axuízamento rápido de delitos nos que se procedese á designación de avogado de oficio, este informará o seu defendido do dereito que o asiste para solicita-lo beneficio de asistencia xurídica gratuíta, e advertirá de que, de non lle ser recoñecido o dereito, deberá aboar ó seu cargo os honorarios correspondentes.

Cando proceda, o letrado solicitará do seu defendido que complete o modelo de solicitude correspondente establecido no anexo I.III, debidamente asinada, e dará traslado desta, no prazo de 48 horas, ó servizo de orientación xurídica do colexio de avogados competente para a súa tramitación.

2. Dada a inmediatez na prestación de asistencia letrada, non será precisa a acreditación previa da carencia de recursos económicos por parte do asistido, sen prexuízo da obriga de presenta-la documentación necesaria ante o colexio de avogados.

3. Non obstante, se o avogado designado para a defensa aprecia que o posible beneficiario carece, de maneira notoria, de medios económicos, elaborará un informe conforme o modelo do anexo I.III, que se unirá á solicitude, para a súa valoración pola comisión de asistencia xurídica gratuíta, que procederá, se é o caso, a pedi-las informacións que considere necesarias sobre a situación económica do interesado.

4. Na solicitude deberán consta-los datos identificativos do solicitante e deberá estar debidamente asinada por este. Non obstante, se por calquera circunstancia o asistido non asinase a solicitude e o letrado apreciase que é posible beneficiario de asistencia xurídica gratuíta, farase constar esta circunstancia, co fin de que continúe a tramitación, o cal se acreditará mediante certificación expedida polo secretario do órgano xudicial no que se leva a cabo a instrucción do procedemento xudicial.

Se ó asistido non lle fose recoñecida posteriormente a condición de beneficiario de asistencia xurídica gratuíta, o letrado actuante deberalle reembolsar á Administración o importe das retribucións percibidas con motivo da súa intervención profesional cando perciba daquel os seus honorarios conforme as regras ordinarias.

Este documento, se é o caso, xunto co informe do letrado a que se refire o parágrafo anterior, será remitido polo letrado ó colexio de avogados correspondente, que, tralo seu rexistro, emitirá a oportuna valoración e llo remitirá á comisión de asistencia xurídica gratuíta para a súa resolución.

Artigo 22. *Presentación de documentación e remisión á comisión de asistencia xurídica gratuíta.*

1. O solicitante de asistencia xurídica gratuíta estará obrigado a presenta-la documentación prevista no anexo I.II no servizo de orientación xurídica do colexio de avogados, nos cinco días seguintes ó da data da solicitude.

2. Transcorrido o devandito prazo, se o interesado non achegou a documentación, será tido por desistido da súa solicitude, e procederá o colexio de avogados ó seu arquivo e notificación á comisión de asistencia xurídica gratuíta correspondente.

3. Analizada a solicitude e maila documentación presentadas, se esta fose insuficiente, requirirase o interesado para que emende os defectos advertidos no prazo de 10 días; de non o facer así, considerarase igualmente desistido. Se a documentación fose suficiente ou emendase os defectos advertidos, unha vez analizado o informe emitido polo letrado, o colexio de avogados adoptará unha primeira decisión provisional sobre se o solicitante reúne os requisitos legalmente esixidos para a concesión do dereito e trasladará, xunto co expediente completo, no prazo de tres días, á comisión de asistencia xurídica gratuíta para a súa verificación e resolución definitiva, comunicándolle así mesmo a designación de letrado efectuada.

Artigo 23. *Instrucción e resolución do procedemento.*

Recibido o expediente na comisión de asistencia xurídica gratuíta, esta dará preferencia absoluta á tramitación destas solicitudes, procurando que a resolución que recoñeza ou denegue o dereito se dicte con anterioridade á data de celebración do xuízo oral e sen que en ningún caso o prazo para efectuar comprobacións e demanda-la información necesaria para verifica-la exactitude dos datos declarados, así como para dictar resolución, exceda de 30 días desde a súa recepción.

Artigo 24. *Ausencia de resolución expresa.*

A falta de resolución expresa da comisión de asistencia xurídica gratuíta no prazo establecido no artigo anterior producirá a confirmación das decisións previas adoptadas polo colexio de avogados, referentes ó cumprimento por parte do solicitante dos requisitos legalmente establecidos para ser beneficiario do dereito á asistencia xurídica gratuíta ou ó arquivo da solicitude por falta de documentación.

Artigo 25. *Aplicación supletoria das normas comúns.*

No non previsto expresamente nesta sección aplicaráselle a este procedemento as normas comúns contidas na sección 1.^a

TÍTULO I

Organización dos servizos de asistencia letrada, defensa e representación

CAPÍTULO I

Organización da asistencia letrada de oficio

Artigo 26. *Regulación e organización.*

1. Os consellos xerais da avogacía española e do colexio de procuradores dos tribunais de España aprobarán as directrices xerais sobre organización e funcionamento dos servizos de asistencia letrada de oficio.

2. As xuntas de goberno dos colexios de avogados e de procuradores regularán e organizarán os servizos de asistencia letrada e de defensa e representación das persoas que soliciten avogado de oficio en calquera xurisdicción ou non designen avogado na xurisdicción penal, conforme as directrices adoptadas polos órganos a que se refire o punto anterior, que serán, en todo caso, de obrigado cumprimento.

3. A organización dos servizos deberá garanti-la súa continuidade e, cando o censo de profesionais o permita, a especialización por ordes xurisdiccionais, atendendo a criterios de eficiencia e funcionalidade na aplicación

dos fondos públicos postos á súa disposición, velando pola distribución obxectiva de quendas e medios.

Os sistemas de distribución de quendas e medios serán públicos para tódolos colexiados, así como para os solicitantes de asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 27. *Obrigas profesionais.*

1. Os avogados e procuradores designados de oficio desempeñarán as súas funcións de forma real e efectiva ata a finalización do procedemento na instancia xudicial de que se trate e, se é o caso, a execución das sentencias, se as actuacións procesuais nesta se producisen dentro dos dous anos seguintes á resolución xudicial dictada na instancia.

2. No procedemento especial para o axuízamento rápido de delitos, a asistencia letrada será prestada polo mesmo avogado desde o momento da detención, se a houber, ou desde que se requira a dita asistencia e ata a finalización do procedemento, incluído o xuízo oral e, se é caso, a execución de sentenza.

3. Só na orde penal os letrados designados se poderán escusar da defensa, sempre que concorra un motivo persoal e xusto, que será apreciado polos decanos dos colexios.

4. Para a prestación do servizo de asistencia letrada ó detido ou preso, non será necesario que este acredite previamente carecer de recursos económicos, pero o avogado que o asista deberá informalo sobre o seu dereito a solicita-la asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 28. *Réxime de gardas.*

1. Para a atención letrada ó detido durante a detención e a realización das primeiras dilixencias de instrución criminal que resulten procedentes, así como para a asistencia letrada a quen se lle atribúa un delito no atestado policial, fose ou non detido, para a instrución e axuízamento do cal é de aplicación o procedemento especial previsto no título III da Lei de axuízamento criminal, na súa redacción dada pola Lei 38/2002, do 24 de outubro, tódolos colexios de avogados establecerán un réxime de gardas que garanta, de forma permanente, a asistencia e defensa daqueles.

2. O réxime de gardas, así como o número de letrados que integrará cada servizo de garda, determinaranse, entre outras circunstancias, en función do volume de litixiosidade, ámbito territorial, características xeográficas ou situación e distancia dos centros de detención. Para tal efecto, o Consello Xeral da Avogacía Española, coa conformidade do Ministerio de Xustiza, determinará os parámetros ós que se deberán axustar os colexios profesionais na determinación do número de letrados que deberá integra-lo servizo de garda.

Artigo 29. *Prestación dos servizos de garda.*

1. Con carácter xeral, os servizos de garda prestaranse con periodicidade diaria, e incorporaranse a este, en situación de dispoñibilidade ou de presenza física, tódolos letrados que o integren, conforme o réxime establecido polo colexio respectivo, e que realizarán cantas asistencias sexan necesarias durante o servizo de garda.

2. Excepcionalmente, naqueles colexios nos que a reducida dimensión das súas actividades ou outras características así o aconsellen, poderanse establecer servizos de garda con diferente periodicidade, ós que se irán incorporando os letrados a medida que se produza algunha incidencia que requira asistencia letrada.

3. O réxime de prestación de servizos de garda requirirá ser coñecido, con carácter previo, polo Ministerio de Xustiza.

CAPÍTULO II

Recoñecemento, renuncia e cuestións organizativas da asistencia xurídica gratuíta

Artigo 30. *Efectos do recoñecemento do dereito.*

1. O recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta levará consigo a confirmación das designacións provisionais de avogado e, se é o caso, de procurador de oficio, e se estas non se produciron, o nomeamento inmediato dos profesionais que defendan e, se é o caso, representen o titular do dereito, así como do resto das prestacións que integren o dereito. En cada ámbito territorial, os colexios de avogados e os colexios de procuradores actuarán de maneira coordinada para efectuaren as designacións que procedan en cada caso, e non poderá actuar, ó mesmo tempo, un avogado de oficio e un procurador libremente elixido ou viceversa, salvo que o profesional de libre elección renuncie por escrito a percibi-los seus honorarios ou dereitos ante o titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta e ante o colexio no que estea inscrito.

2. Na orde penal, asegurárase en todo caso a defensa desde o momento mesmo da detención, sen prexuízo do aboamento dos honorarios polo cliente se non lle fose recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Artigo 31. *Renuncia á designación.*

1. Quen crea ter dereito á asistencia xurídica gratuíta poderá renunciar expresamente á designación de avogado e procurador de oficio, nomeando libremente a profesionais da súa confianza, e deberá facer constar esta circunstancia na solicitude. A renuncia afectará ámbolos dous.

2. A renuncia posterior á designación, que así mesmo deberá afectar ámbolos profesionais, terá que lles ser comunicada expresamente á comisión de asistencia xurídica gratuíta e ós colexios profesionais, e non implicará a perda das demais prestacións do dereito a asistencia xurídica gratuíta que se tivesen recoñecido.

3. Para asegura-la efectiva e mutua comunicación das renunciadas dos profesionais á percepción de honorarios e dereitos, así como as dos interesados ás designacións de oficio, os colexios de avogados e procuradores adoptarán cantas medidas sexan necesarias.

Artigo 32. *Servizos de orientación xurídica.*

1. Cada colexio de avogados contará necesariamente cun servizo de orientación xurídica que asumirá, ademais das funcións que lle asigne a xunta de goberno, o asesoramento previo ós peticionarios de asistencia xurídica gratuíta, a información sobre o cumprimento dos requisitos necesarios para o seu recoñecemento e o auxilio na redacción dos impresos normalizados de solicitude. Este servizo terá carácter gratuíta para os solicitantes.

2. Os colexios de avogados adoptarán as medidas precisas para facilitaren o acceso dos cidadáns ós servizos de orientación xurídica e para difundiren adecuadamente a localización das súas dependencias e as súas funcións.

Artigo 33. *Formación e especialización.*

1. De conformidade co previsto no artigo 25 da Lei de asistencia gratuíta, o Ministerio de Xustiza, logo de informe dos consellos xerais da avogacía española e dos colexios de procuradores dos tribunais de España, establecerá os requisitos xerais mínimos de formación e espe-

cialización necesarios para presta-los servicios de asistencia xurídica gratuíta, así como aqueles relativos a experiencia profesional previa.

2. Os ditos requisitos serán de obrigado cumprimento para tódolos colexios profesionais.

Artigo 34. *Responsabilidade patrimonial.*

1. Os danos producidos polo funcionamento dos servicios colexiais de asistencia xurídica gratuíta serán resarcidos conforme as regras e os principios xerais de responsabilidade patrimonial contidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A anulación ou modificación das decisións adoptadas polos colexios profesionais respecto das designacións provisionais de avogado e de procurador, que sexan acordadas polas comisións de asistencia xurídica gratuíta no momento de dictar resolución, ou polos órganos xudiciais que resolvan as impugnacións previstas no artigo 20 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, non supoñen en si mesmas título de imputación de responsabilidade ós colexios profesionais.

3. A tramitación das reclamacións de indemnización axustarase ó previsto polo Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, no que sexa de aplicación e, en todo caso, coas seguintes precisións:

a) O procedemento de reclamación de indemnización iniciárase mediante solicitude do interesado, que se dirixirá e presentará ante o colexio profesional que corresponda.

b) A resolución final, que acorde ou desestime a indemnización reclamada, será adoptada, logo de dicte do Consello de Estado, pola xunta de goberno do colexio respectivo.

Artigo 35. *Insustentabilidade da pretensión.*

1. Cando o avogado designado para un proceso considere insustentable a pretensión que se pretende facer valer, deberallo comunicar á comisión de asistencia xurídica gratuíta dentro dos seis días seguintes ó da súa designación, mediante a presentación dun informe debidamente motivado no que expoña os argumentos xurídicos nos que fundamenta a súa decisión, e tramitarase a continuación conforme o previsto nos artigos 32 a 35 da Lei de asistencia xurídica gratuíta.

Este mesmo procedemento se seguirá cando se trate de interpor recursos contra resolucións que puxesen fin ó proceso na instancia correspondente, se o avogado do recorrente considerase inviable a pretensión.

2. Os colexios de avogados levarán un rexistro especial no que se deixará constancia dos expedientes tramitados con motivo da insustentabilidade da pretensión formulada polos colexiados.

TÍTULO III

Subvención e supervisión dos servicios de asistencia xurídica gratuíta

Artigo 36. *Subvención.*

1. O Ministerio de Xustiza subvencionará, con cargo ás súas dotacións orzamentarias, a implantación e prestación dos servicios de asistencia xurídica gratuíta polos colexios de avogados e de procuradores no seu ámbito de xestión.

O importe da subvención aplicarase fundamentalmente a retribuí-las actuacións profesionais previstas nos puntos 1 a 3 do artigo 6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta, sempre que teñan por destinatarios os que sexan beneficiarios do dereito á asistencia xurídica gratuíta. Así mesmo, destinarase a retribuí-los gastos devengados pola tramitación dos expedientes de asistencia xurídica gratuíta, concepto no que se inclúen o asesoramento e a orientación previos ó proceso.

2. Os libramentos das subvencións efectuaranse trimestralmente.

Artigo 37. *Retribución de avogados e procuradores.*

1. A retribución dos avogados e procuradores realízase conforme bases económicas e módulos de compensación fixados en atención á tipoloxía de procedementos nos que interveñan os ditos profesionais.

Os módulos e as bases económicas de referencia, aplicables a partir da entrada en vigor deste regulamento, serán os que se determinan no anexo II.

2. Para anos sucesivos, o ministro de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral da Avogacía Española, do Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España e do Ministerio de Facenda, determinará, en función das dotacións orzamentarias, o importe económico que, atendendo á súa complexidade, se lle asignará a cada unha das actuacións previstas no citado anexo II.

Artigo 38. *Devengo da indemnización.*

1. Os avogados e procuradores devengarán a indemnización correspondente á súa actuación, nas porcentaxes establecidas no anexo II, unha vez que acrediten documentalmente ante os seus respectivos colexios a intervención profesional realizada, que deberá ser verificada por estes. A dita documentación será conservada polos colexios, que a porán á disposición do Consello Xeral da Avogacía Española e, se é o caso, do Ministerio de Xustiza cando sexa solicitada.

2. Cando se trate do servicio de asistencia letrada ó detido, a indemnización devengarase por servicio de garda de 24 horas ó finalizar este, e as asistencias realizadas consideraranse, coas limitacións que se establezan, como unha única actuación.

Se excepcionalmente o servicio de garda fose de duración superior, retribuirase por asistencia individualizada, sen que a retribución diaria de cada letrado, sexa cal sexa o número das realizadas, poida exceder do dobre da cantidade asignada, tamén por día, a cada letrado por servicio de garda de 24 horas.

As actuacións posteriores á primeira declaración do detido ou preso consideraranse incluídas na retribución que corresponda ó procedemento de que se trate, conforme o baremo establecido no anexo II.

3. Cando se trate dun procedemento de axuízamento rápido, tódalas actuacións, incluída a asistencia letrada ó detido, se a houber, se considerarán incluídas na retribución que corresponda ó procedemento, conforme o baremo establecido no anexo II. Non obstante, se unha vez prestada a asistencia letrada ó detido nas dilixencias policiais ou na primeira comparecencia xudicial o xuíz determinase que o procedemento non é susceptible de tramitación rápida, a actuación letrada de asistencia ó detido considerase, para efectos da súa retribución, como asistencia individualizada, e devengarase unha vez adoptada a resolución xudicial e logo da súa acreditación.

4. Así mesmo, se durante o servicio de garda os letrados ós que por quenda lles corresponda non tivesen efectuado ningunha intervención, serán retribuídos por teren permanecido en dispoñibilidade, na contía que se fixa no anexo III.

Se, pola contra, durante o tempo da garda o número de letrados que constitúe o servizo de garda de asistencia para o axuízamento rápido de delitos excepcionalmente resultase insuficiente, os letrados que forman parte do servizo de garda de asistencia ó detido poderán pasar a reforza-lo dito servizo, sen prexuízo de percibiren a indemnización correspondente por servizo de garda ó detido. Este reforzo, en calquera caso, será acordado polo colexio correspondente, á vista da situación presentada.

5. En tódolos casos, a documentación acreditativa da actuación profesional realizada deberá ser presentada no colexio, dentro do prazo máximo dun mes natural, contado a partir da data da súa realización.

Artigo 39. *Gastos de funcionamento e infraestrutura.*

1. O custo que lles xera ós colexios profesionais de avogados e procuradores o funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica gratuíta, das unidades encargadas do asesoramento e a orientación previos ó proceso ós cidadáns e da cualificación provisional das pretensións solicitadas compensarase en función da aplicación a cada expediente do seguinte módulo:

- a) Colexios de avogados: 30 euros por expediente tramitado.
- b) Colexios de procuradores: 3 euros por expediente tramitado.

2. A cantidade resultante de multiplica-lo módulo por cada expediente devengarase cando quede constancia de que este está completo e foi enviado á correspondente comisión de asistencia xurídica gratuíta para a súa resolución definitiva.

3. Dentro do mes natural seguinte ó de finalización de cada trimestre, os consellos xerais da avogacía española e dos procuradores dos tribunais de España, así como as comisións de asistencia xurídica gratuíta, remitiranlle, por separado, ó Ministerio de Xustiza unha certificación que conteña o número de expedientes completos tramitados por cada colexio de avogados e de procuradores que tiveron entrada nas respectivas comisións. En función das devanditas certificacións, o Ministerio de Xustiza efectuará regulamentariamente os libramentos trimestrais que correspondan con cargo ás súas dotacións orzamentarias.

4. Para subvencionar-lo custo que lles xeren ó Consello Xeral da Avogacía Española e ó Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España as súas actuacións en materia de asistencia xurídica gratuíta, trimestralmente os consellos percibirán unha cantidade igual á resultante de aplica-lo 11,5 por cento ó importe que lles corresponda ós colexios polos expedientes tramitados, segundo o disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo.

Artigo 40. *Xestión colexial da subvención.*

1. Os consellos xerais da avogacía española e dos colexios de procuradores dos tribunais de España distribuirán entre os seus respectivos colexios o importe da subvención que lle corresponda a cada un, en función do número de actuacións profesionais realizadas e acreditadas por estes ante os citados consellos xerais, así como dos expedientes tramitados, durante o trimestre inmediatamente anterior ó de cada libramento.

2. Os consellos xerais e os colexios, en canto entidades colaboradoras para a xestión da subvención, estarán suxeitos ás regras e obrigas establecidas para os ditos suxeitos pola Lei xeral orzamentaria.

Artigo 41. *Procedemento de aplicación da subvención.*

1. Dentro do mes natural seguinte ó da finalización de cada trimestre, o Consello Xeral da Avogacía Española e o Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España remitiranlle ó Ministerio de Xustiza unha certificación que conteña os datos relativos ó número e á clase de actuacións realizadas por cada colexio durante o trimestre anterior, xunto coa xustificación do custo económico total asociado a aquelas.

2. En función das ditas certificacións, o Ministerio de Xustiza efectuará a continuación os libramentos trimestrais que correspondan, sen prexuízo das posteriores regularizacións que procedan unha vez cumprida na súa totalidade a xustificación anual regulada nos artigos seguintes.

Artigo 42. *Xustificación anual da aplicación da subvención.*

Dentro dos catro primeiros meses de cada ano, os consellos xerais xustificarán ante o Ministerio de Xustiza a aplicación da subvención percibida durante todo o exercicio inmediatamente anterior. De incumpriren a dita obriga, suspenderanse os sucesivos libramentos ata que se renda a conta. No suposto de que a conta xustificativa fose incompleta por atraso ou omisión dalgún colexio de avogados ou de procuradores, detraerase dos libramentos posteriores unha cantidade igual á última distribuída polos consellos xerais ós ditos colexios.

As diferencias que poidan resultar dos libramentos á conta realizados conforme o previsto no punto 2 do artigo anterior regularizaranse unha vez cumprido o trámite de xustificación anual.

Artigo 43. *Contido da xustificación anual.*

1. A xustificación anual da aplicación dos fondos percibidos a que se refire o artigo anterior comprenderá, no caso do Consello Xeral da Avogacía Española, os seguintes extremos:

- a) Número total de prestacións de asistencia letrada realizadas, así como a súa distribución en cada un dos colexios.
- b) Número total de servizos de garda realizados nos colexios.
- c) Cantidade distribuída a cada colexio para indemnizar-las prestacións de asistencia letrada en servizo de garda e relación, por colexios, das indemnizacións percibidas por cada profesional que interviñese na prestación do servizo.
- d) Número total de prestacións de asistencia xurídica gratuíta, excluídas as correspondentes ós servizos de garda, así como a súa distribución entre cada un dos colexios, desagregados ámbolos datos por tipo de procedemento.
- e) Cantidades distribuídas a cada colexio para indemnizar-las anteriores prestacións e relación por colexios das indemnizacións percibidas por cada profesional que interviñese naquelas.
- f) Importe destinado a atender-las gastos de infraestrutura e funcionamento operativo dos servizos de asistencia xurídica gratuíta.
- g) Relación das cantidades distribuídas a cada colexio polo Consello Xeral, para atender-las gastos de organización, infraestrutura e funcionamento dos servizos, con indicación dos criterios seguidos para iso e detalle da aplicación que das ditas cantidades realizase cada colexio.
- h) Importe dos xuros devengados, se é o caso, polos sucesivos libramentos e aplicación daqueles.

i) Aplicación dos requisitos de formación e especialización necesarios para presta-los servicios de asistencia xurídica gratuíta.

2. A xustificación anual que deberá presenta-lo Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España comprenderá os extremos mencionados nas alíneas d) a i) do punto anterior.

Artigo 44. *Contabilización separada.*

Tanto o Consello Xeral da Avogacía Española como os colexios de avogados deberán contabilizar separadamente as cantidades libradas para atende-las finalidades referidas na Lei de asistencia xurídica gratuíta e neste regulamento.

Idéntica obriga lles corresponderá ó Consello Xeral dos Colexios de Procuradores dos Tribunais de España e ós colexios de procuradores.

TÍTULO IV

Asistencia pericial gratuíta

Artigo 45. *Aboamento de honorarios.*

1. O aboamento dos honorarios devengados polos profesionais ós que se refire o segundo parágrafo do artigo 6.6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta será por conta do Ministerio de Xustiza, excepto nos seguintes casos:

a) Cando na sentenza que poña fin ó proceso haxa pronunciamento sobre custas a favor do titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

b) Cando, vencendo no preito o titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta e non existindo na sentenza pronunciamento expreso sobre custas, os beneficios

obtidos por aquel no procedemento superen en tres veces a contía das custas causadas na súa defensa.

2. No suposto de que na sentenza que poña fin ó proceso fose condenado en custas o titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta, quedará este obrigado a aboa-las peritacións realizadas por técnicos privados, se dentro dos tres anos seguintes á terminación do proceso viñer a mellor fortuna.

Para facer efectiva a dita obriga, será de aplicación o procedemento ó que fai referencia o artigo 20.

Artigo 46. *Custo económico das probas periciais.*

1. Antes da realización da proba pericial, o técnico privado designado conforme o previsto no parágrafo segundo do artigo 6.6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta remitiralle á xerencia do Ministerio de Xustiza competente por razón do territorio, para a súa aprobación, unha previsión do custo económico daquela, que incluírá necesariamente os extremos seguintes:

a) Tempo previsto para a realización da pericia e valoración do custo por hora.

b) Gastos necesarios para a súa realización.

c) Copia da resolución xudicial que deu lugar á realización da proba.

A previsión inicial do custo quedará automaticamente aprobada se no prazo dun mes, desde a súa remisión, a xerencia territorial non formula ningún reparo á súa cuantificación.

2. A minuta de honorarios axustarase á previsión do custo económico, aprobada conforme o disposto no punto anterior. Para o seu devengo, o profesional achegará, ademais, documentos que acrediten o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta de quen instou a proba pericial e pronunciamento do órgano xudicial sobre as custas xeradas polo proceso.

ANEXO II			
Solicitud de asistencia xurídica gratuíta (*)			
I. DATOS DO DECLARANTE			
a. Persoa física			
APELIDOS E NOME		NIF/TARXETA RESIDENCIA	
NACIONALIDADE	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL _ solteiro _ casado _ unión de feito _ viúvo _ separado _ divorciado	
PROFESIÓN	RÉXIME ECONÓMICO MATRIMONIAL _ Gananciais _ Separación de bens _ Outro _____		
DOMICILIO (rúa, número e andar)	USO _ Propiedade _ Aluguer _ Outro	MUNICIPIO	PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO fixo móbil		
CÓNXUXE: APELIDOS E NOME	NIF/T. RESIDENCIA		PROFESIÓN
FAMILIARES QUE CONVIVEN CO DELARANTE			
Apelidos e nome		Parentesco	Idade (fillos)
_____		_____	_____
_____		_____	_____
_____		_____	_____
_____		_____	_____
b. Persoa xurídica			
DENOMINACIÓN DA ENTIDADE		CIF	
DOMICILIO (rúa, número e andar)	MUNICIPIO	PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	

ASOCIACIONES: data declaración utilidade pública	FUNDACIONES: ano incrición en rexistro
--	--

(*) Antes de cubri-la solicitude, lea as INSTRUCCIONES e a DECLARACION que figuran na última páxina

II. DATOS ECONÓMICOS

INGRESOS ANUAIS DA UNIDADE FAMILIAR				
Declarante/Cónxuxe/Fillos/ Outros	Importe bruto	Concepto (salario, subsidios, ...)	Retención xudicial	
_____	_____			
_____	_____			
_____	_____			
_____	_____			

PROPIEDADES INMOBLES				
Descrición (piso, local...)	Lugar (rúa...)	Uso (vivenda, negocio...)	Valoración	Cargas (hipotecas...)
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____

CONTAS CORRENTES OU DE AFORRO		OUTROS PRODUCTOS FINANCEIROS	
Entidade	Saldo	Producto (letras, bonos, depósitos)	Importe
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

OUTRAS PROPIEDADES MOBLES		
Concepto (vehículos...)	Ano adquisición	Valoración
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

III. DATOS DO PROCEDEMENTO XUDICIAL

O declarante é	<input type="checkbox"/> demandante	<input type="checkbox"/> outro:	TIPO DE PROCEDEMENTO
	<input type="checkbox"/> demandado/denunciado	_____	
	<input type="checkbox"/> detido		
OBJECTO E PRETENSION (descrición do obxecto do procedemento xudicial e da pretensión que se desexa exercer)			

Nº PROCEDEMENTO			ÓRGANO XUDICIAL			SITUACIÓN DO PROCEDEMENTO		
						_ Iniciado _ Sentenciado		
						_ En execución de sentenza		
PARTE(S) CONTRARIA(S)								
Apelidos e nome/Denominación			Domicilio					
_____			_____					
_____			_____					
IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE E SOLICITUDE								
<p>DECLARO baixo a miña total e expresa responsabilidade que son certos e completos tódolos datos que figuran nesta solicitude, así como na documentación que se xunta, e que pretendo litigar só por dereitos propios. Tamén declaro saber con precisión e aceptar que:</p> <p>1. Esta solicitude non suspende por si mesma o curso do proceso e que, por tanto, lle deberei solicitar persoalmente ó órgano xudicial a suspensión do transcurso de calquera prazo que me puidese provocar indefensión ou preclusión do trámite.</p> <p>2. Os meus datos de carácter persoal, que subministro ó presentar esta solicitude, serán incluídos nun ficheiro automatizado e tratados conforme o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, para os efectos do recoñecemento do dereito, e que é destinataria da información a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta que corresponda.</p> <p>3. No caso de que a Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta denegue a solicitude que formulo, corresponderame aboa-los honorarios e dereitos económicos que deriven da intervención dos profesionais designados previamente á resolución da miña pretensión.</p> <p>4. A declaración errónea, falsa ou con ocultación de datos relevantes suporá a revogación do recoñecemento do dereito; en tal caso, estarei obrigado a paga-las prestacións que obtivese, ademais de quedar suxeito ás responsabilidades que se me poidan esixir.</p> <p>Coñecendo todo o anterior, SOLICITO que se me recoñeza o dereito á asistencia xurídica gratuíta en:</p> <p>----- (lugar e data)</p> <p style="text-align: center;">O/A SOLICITANTE</p> <p style="text-align: center;">Asdo.: -----</p>								

V. DOCUMENTACIÓN QUE O DECLARANTE ACHEGA

- Fotocopia do DNI, os cidadáns da Unión Europea.
- Fotocopia do pasaporte ou tarxeta de residencia, os estranxeiros.
- Declaración de utilidade pública (asociacións) ou inscrición rexistral (fundacións).
- Declaración impositiva da unidade familiar (IRPF e, de se-lo caso, patrimonio) ou da persoa xurídica (imposto sobre sociedades).
- Certificado da Axencia Tributaria de non ter presentado declaración (dado o caso de que a unidade familiar non estea obrigada a presentar declaración do IRPF).
- Certificación catastral (bens inmobles).
- Nota simple do Rexistro da Propiedade (se se alegan cargas sobre o inmoble).
- Certificado dos centros de traballo e das altas e baixas da Seguridade Social.
- Certificado de empresa que acredite os ingresos brutos anuais.
- Certificado do INEM no que conste a percepción de axuda por desemprego e período ó que se estende.
- Certificado de cobramento de pensións públicas.

OUTRA DOCUMENTACIÓN

- _____
- _____

VI. INFORMACIÓN Ó SOLICITANTE

Infórmase persoalmente o/a interesado/a, por parte do/da letrado/a do Ilustre Colexio de Avogados de, da documentación que deberá achegar para **emenda-los defectos** observados na presentación desta solicitude, polo que se lle concede un prazo de dez días hábiles que conclúe o día -----.

Infórmase tamén de que, de non atender este requirimento no prazo indicado, a súa solicitude será **arquivada** de conformidade co artigo 14 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

En....., o de de

O/A LETRADO/A
Nº.-----

INFORMADO/A
O/A SOLICITANTE

Asdo.:-----

VII. INSTRUCCIÓNS

DECLARANTE

- Consignaranse tódolos datos identificativos do solicitante; se actúa en representación dunha persoa xurídica, cubrirá os datos desta.
- Os datos do cónxuxe e do réxime económico matrimonial consignaranse no caso de matrimonio ou unión de feito. Se o cónxuxe convive co declarante, indícase no epígrafe familiares.

DATOS ECONÓMICOS

- Detállaranse os ingresos anuais da unidade familiar indicando a moeda na que se perciben. Só no caso de carecer absolutamente de ingresos non se consignará cifra, pero indícase con claridade "Non existen,,".
- As propiedades inmoables reflectirán se se trata do domicilio utilizado pola unidade familiar, de vivenda noutro uso, local de negocio, praza de garaxe, soar, etc. Tamén o valor de mercado ou catastral e as hipotecas ou créditos que graven a propiedade da unidade familiar.

ANEXO I.II

Solicitud do beneficio de asistencia xurídica gratuíta por asistencia letrada no procedemento especial de axuízamento rápido

Impreso que debe cubri-lo detido, preso ou denunciado

D./D.^a _____
NIF _____, teléfono _____, veciño/a de _____
rúa _____

solicito formalmente que se me recoñeza o dereito á asistencia xurídica gratuíta establecido na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, para as dilixencias seguintes:

Procedemento _____
Órgano xurisdiccional _____
Delicto que se me imputa _____

Para tal fin manifesto expresamente que os recursos e ingresos económicos computados anualmente por tódolos conceptos e por unidade familiar non superan os _____ euros (*) mensuais, sendo de..... euros.

Tamén solicito que se me designe avogado e procurador da rolda de oficio, e comprométo-me a aboa-la minuta do avogado e procurador que me asista de oficio no caso de que non me fose recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta.

Datos de interese económico ou social do solicitante:

(*) **Cantidade correspondente ó salario mínimo interprofesional vixente.**

Sinatura do solicitante

Lugar e data

VIII. INFORMACIÓN Ó SOLICITANTE

Infórmase persoalmente o/a interesado/a, por parte do/da letrado/a do Ilustre Colexio de Avogados de _____, da documentación que deberá achegar, para o que se lle concede un prazo de cinco días que conclúe o día _____.

Infórmase tamén de que, de non atender este requirimento no prazo indicado, a súa solicitude será **arquivada** de conformidade co artigo 14 da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.

En _____, o ____ de _____ de _____.

O/A LETRADO/A
Nº _____

INFORMADO/A
O/A SOLICITANTE

Asdo.: _____

IX. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTA-LO SOLICITANTE

- Fotocopia do DNI, os cidadáns da Unión Europea.
- Fotocopia do pasaporte ou tarxeta de residencia, os estranxeiros.
- Declaración de utilidade pública (asociacións) ou inscrición rexistral (fundacións).
- Declaración impositiva da unidade familiar (IRPF e, de se-lo caso, patrimonio) ou da persoa xurídica (imposto sobre sociedades).
- Certificado da Axencia Tributaria de non ter presentado declaración (no caso de que a unidade familiar non estea obrigada a presentar declaración do IRPF).
- Certificación catastral (bens inmobles).
- Nota simple do Rexistro da Propiedade (se se alegan cargas sobre o inmovble).
- Certificado dos centros de traballo e das altas e baixas da Seguridade Social.
- Certificado de empresa que acredite os ingresos brutos anuais.
- Certificado do INEM no que conste a percepción de axuda por desemprego e período ó que se estende.
- Certificado de cobramento de pensións públicas.

OUTRA DOCUMENTACIÓN

- _____
- _____

ANEXO I.III

Á COMISIÓN DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUITA

D/D^a _____ colexiado núm. _____ designado con
data _____ para a defensa dos intereses de D/D^a _____
nas dilixencias _____ que se tramitan no xulgado
_____ polo delicto _____

EXPÓN

- 1.-Que resultou imposible para este letrado a obtención doutros datos económicos que os consignados na solicitude de asistencia xurídica gratuíta, malia solicitar do interesado a achega da documentación pertinente.
- 2.- Que, non obstante, de toda a información obtida considero que a situación económica do solicitante:
- SI é merecedora do recoñecemento dos beneficios do artigo 6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta.
 - NON é merecedora do recoñecemento dos beneficios do artigo 6 da Lei de asistencia xurídica gratuíta.
- 3.-Tratándose dun procedemento penal no que a defensa letrada é obrigatoria e inescusable, faise constar que o letrado asinante designado no procedemento de referencia continuará actuando mentres non se resolva en contrario.

Madrid , o _____ de _____ de _____.

Sinatura do letrado

ANEXO II

Módulos e bases de compensación económica – Avogados

ASISTENCIA Ó DETIDO OU PRESO	
Asistencia individualizada – Procedemento penal xeral ou axuizamento rápido	60,10 €
Servicio de garda de 24 horas. Asistencia ó detido – Audiencia Nacional	150 €
Servicio de garda de 24 horas. Asistencia ó detido (Proc. penal xeral)	114,19 €
Servicio de garda de 24 horas. Asistencia ó detido en procedemento de axuizamento rápido (carácter excepcional)	60,10 €
XURISDICCION PENAL	
Procedemento con tribunal do xurado	300,51 €
Procedemento penal de especial complexidade	300,51 €
Por cada mil folios	18,03 €
A partir de cinco comparecencias ante o xulgado, por cada cinco comparecencias	18,03 €
A partir de dous días de vista, por cada día	54,09 €
Procedemento penal de especial complexidade ante a Audiencia Nacional	315 €
Por cada mil folios	19 €
A partir de cinco comparecencias ante o xulgado, por cada cinco comparecencias	19 €
A partir de dous días de vista, por cada día	57 €
Procedemento penal xeral	270,45 €
Procedemento penal xeral ante a Audiencia Nacional	283 €
Procedemento abreviado	200 €
Procedemento abreviado ante a Audiencia Nacional	210 €
Procedemento de axuizamento rápido con asistencia ó detido	240 €
Procedemento de axuizamento rápido sen asistencia ó detido	220 €
Menores	126,21 €
Menores ante a Audiencia Nacional	132 €
Expedientes de vixilancia penitenciaria	114,19 €
Expedientes de vixilancia penitenciaria ante a Audiencia Nacional	120 €
Xuízo de faltas	70 €
Procedemento abreviado con desprazamento para a asistencia a xuízo oral	224,04 €
Saídas a centros de prisión	
Se distan menos de 25 km da residencia do letrado	12,02 €
Se distan máis de 25 km da residencia do letrado	30,05 €

XURISDICCIÓN CIVIL	
Xuízo ordinario	240,40 €
Verbal	150 €
Xuízo completo de familia	200 €
Medidas provisionais	60,10 €
Mutuo acordo	120 €
Filiación, paternidade, capacidade	200 €
Monitorio	150 €
División xudicial de patrimonios	150 €
Cambiario	150 €
Xurisdicción voluntaria	150 €
XURISDICCIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA	
Vía administrativa previa (estranxeiría e asilo)	72,12 €
Vía administrativa previa (estranxeiría e asilo) ante a Audiencia Nacional	75 €
Recurso contencioso-administrativo	198,33 €
Recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional	208 €
XURISDICCIÓN SOCIAL	
Procedemento íntegro	132,22 €
Recurso de suplicación	72,12 €
XURISDICCIÓN MILITAR	
Fase sumarial	60,10
Fase xuízo oral	120,20 €
RECURSOS	
Recurso de casación	260 €
Recurso de casación cando non se formaliza e hai só anuncio	24,04 €
Recurso de amparo	260 €
Recurso de apelación	102,17 €
NORMAS XERAIS	
Transaccións extraxudiciais	75% da contía aplicable ó procedemento
Informe motivado da insustentabilidade da pretensión	30,05 €
Módulos e bases de compensación económica- Procuradores	
XURISDICCIÓN PENAL	
Tódolos procedementos	18,03 €
Apelacións	21,04 €
XURISDICCIÓN CIVIL	
Tódolos procedementos	24,04 €
Apelacións	21,03 €

ANEXO III

Momento do devengo da indemnización

Os avogados e procuradores devengarán a indemnización correspondente á súa actuación na quenda de oficio, conforme as seguintes porcentaxes:

1. Un 70 por 100.

a) En procesos civís, incluídos os de familia, no momento da presentación da copia da providencia de admisión de demanda ou tendo por formulada a contestación desta.

b) En apelacións civís, no momento da presentación da copia de providencia admitindo a trámite o recurso ou, se é o caso, a comparecencia na alzada.

c) En procedementos penais, no momento da presentación da copia da dilixencia ou solicitude de actuación procesual na que interveña o letrado ou procurador, ou da apertura do xuízo oral.

d) En apelacións penais, no momento da presentación da copia da resolución xudicial tendo por formalizado ou impugnado o recurso ou do sinalamento para a vista.

e) Nos demais procedementos, no momento da presentación da copia da dilixencia xudicial acreditativa da intervención do letrado, ou procurador dos tribunais.

f) Nos recursos de casación formalizados, no momento da presentación da copia da providencia pola que se teña por formalizado o recurso.

g) Nos recursos de casación non formalizados, no momento da presentación da copia do informe dirixido ó colexio, fundamentando a inviabilidade do recurso.

2. O restante 30 por 100 dos asuntos procedentes, no momento da presentación da copia da sentenza ou resolución que poña fin á instancia.

3. Nas transaccións extraxudiciais e informe de insustentabilidade da pretensión, devengarase a totalidade da indemnización correspondente á presentación de documento subscrito polo interesado ou do informe de insustentabilidade.

4. Nas saídas a centros de prisión, devengarase a totalidade da indemnización no momento da presentación de certificación expedida polo centro penitenciario, acreditativa da actuación realizada.

5. Na vía administrativa previa (estranxeiría e asilo), devengarase a totalidade da indemnización no momento da presentación da copia da resolución ou acto administrativo que supoña a finalización do procedemento.

15800 *REAL DECRETO 997/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado. («BOE» 188, do 7-8-2003.)*

A Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas, promulgouse co obxectivo, expresamente enunciado na súa exposición de motivos, de lle dar unha eficaz resposta á necesidade de prestar unha asistencia xurídica acorde cos postulados dunha Administración moderna, austera, eficaz e tributaria dun sometemento pleno á Constitución e ó resto do ordenamento xurídico. Para iso, a citada lei contén unhas mínimas normas organizativas do Servizo Xurídico do Estado, como instrumento chamado a prestar esa asistencia xurídica, unha regulación moderna e plenamente adaptada á Constitución das especia-

lidades procesuais do Estado e unha unificación e clarificación da normativa existente, remitíndose o lexislador a un ulterior desenvolvemento regulamentario que necesariamente se debe producir para que a lei alcance toda a súa virtualidade e eficacia.

Este real decreto dítase en cumprimento deste mandato, dirixido ó Goberno pola disposición derradeira primeira da Lei 52/1997, e aborda o seu desenvolvemento e execución en canto se refire ó Servizo Xurídico do Estado.

A outras normas regulamentarias queda reservada a tarefa de desenvolver outros aspectos da lei, como é o caso do relativo á asistencia xurídica das entidades xestoras e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que non constitúe a materia que a este real decreto ocupa, segundo as previsións da disposición adicional terceira da Lei 52/1997, e da que o propio regulamento foi aprobado polo Real decreto 947/2001, do 3 de agosto.

II

O obxectivo perseguido na elaboración deste regulamento foi o de desenvolver-la lei modernizando e sistematizando as normas preexistentes, adecuando o seu contido ás normas xerais vixentes en materia de función pública, organización e procedemento administrativos e abordando a regulación de todos aqueles aspectos do Servizo Xurídico do Estado necesarios para a plena eficacia da lei, evitando sempre unha repetición superflua dos preceptos xa contidos nela.

Sobre estas premisas, o Regulamento do Servizo Xurídico do Estado artículase arredor de tres principios básicos.

En primeiro lugar, reafirmase o principio de unidade de doutrina como eixe conceptual da avogacía do Estado, que permanece vixente desde a súa fundación e que lle permite actuar como unha organización eficaz e cohesionada. Para tal fin, o regulamento recolle a fórmula de reunificación orgánica do Servizo Xurídico do Estado que consagra o Real decreto 1474/2000, do 4 de agosto, de estrutura orgánica básica do Ministerio de Xustiza.

En segundo lugar, prevese unha reorganización interna das avogacías do Estado que lles permita cubrir satisfactoriamente o volume de traballo que lles afecta, cunha estrutura adecuada, capaz de afrontar selectivamente as tarefas que se van realizar. Para iso prevese non só a creación de unidades horizontais de apoio, tales como as de informática, documentación xurídica e outras, encargadas de funcións técnicas que, aínda que non estean reservadas ós avogados do Estado, resultan indispensables para o adecuado funcionamento do Servizo; tamén se parte dun principio de proporcionalidade entre o esforzo e a entidade dos asuntos, de maneira que outros licenciados en dereito, funcionarios ou non, poidan cooperar cos avogados do Estado no desenvolvemento de determinadas actuacións de apoio xurídico.

Finalmente, considérase imprescindible que o proceso modernizador adquira un profundo alcance cualitativo, polo que se constitúe o Servizo Xurídico do Estado na asesoría xurídica integral do sector público estatal e se posibilita, nunha posición de vertebración nacional, a asistencia xurídica ás comunidades autónomas e ás corporacións locais mediante a subscrición dos oportunos convenios.